

EDITORIAL.

"UNHA NOVA ESCOLA NACE ENTRE NÓS"

"O tempo nunca ten présa, mais sempre chega". Devagariño fomos facendo o novo camino que o devir educativo nos tiña agardado. No anainar do curso xorden sentimentos enfrontados de tristura e ledicia, porén é lei de vida ir facendo novos carreiros.

Despois de varias décadas como "CPI" volvemos a cambiar de nome, cunha denominación de orixe que regresa tras un tempo fuxidío, mais, non esquecida e anceiada; xa somos "CEIP MANUEL PADÍN TRUITEIRO".

A ilusión, o ánimo, a paixón sobardan en percura dun novo amencer, dun abrete de soños, dunha alborada feliz de tempos pasados, dun ronsel de ledicias e aloumiños doutrora e doutros tempos, que lembrabamos con nostalxia.

Precisabamos ser nós mesmos, unha realidade educativa diferente.

Mais chegou o día, os comenzos son duros por imprevisibeis, desconcertantes, cheos de atrancos, mais coma pingas de auga a bater na rocha, fomos traballando arreo.

As doses de temor, desesperanza e inqueda eran grandes, mais a 1 de setembro a nosa escola estaba lista para recibir co corazón rebuldeiro aos compañeiros e compañeiras e uns días máis tarde aos alumnos e alumnas.

O traballo mereceu a pena.

A escola camiña cara á transformación, priorizamos na educación en valores, na educación emocional e filosofía TEI, o traballo cooperativo, os proxectos, os traballos en talleres de aprendizaxe...

Agardemos que nos conduzan a unha escola como porta aberta ao mundo dos/as nosos/as nenos/as, onde a empatía, a igualdade, a solidariedade, a integración, a inclusión, o respecto,... sexan o noso signo de identidade.

Dende "Latexos de Negueirós" un saúdo para toda a Comunidade Educativa.